




Mosaico de Issos (século I a. C.): Detalle: retrato de Alexandre o Grande

GREGO I

GUÍA DIDÁCTICA D@ ALUMN@



1º BACHARELATO SEMIPRESENCIAL - CURSO 2025-26
EPAPU EDUARDO PONDAL - A CORUÑA

Departamento de Latín e Grego

ÍNDICE

1 Presentación	-----	p. 3
2 Como funciona o estudo semipresencial?	-----	p. 3
3 Recursos didácticos	-----	p. 5
4 Datos de contacto	-----	p. 6
5 Unidades didácticas: contidos, temporalización, actividades	—	p. 6
6 Orientacións metodolóxicas	-----	p. 14
7 Avaliación	-----	p. 15
7.1 Criterios de avaliación	-----	p. 15
7.2 Modalidades e datas de avaliación. Cualificacións	---	p. 16

1 PRESENTACIÓN

Benvid@ á materia de GREGO I !!

Esta guía, concibida como unha ferramenta de carácter didáctico, está dirixida a tod@s @s alumn@s que estean matriculad@s en Grego I (tanto se pertencen á quenda de mañá como se pertencen á quenda de tarde), co obxectivo de os fornecer dun coñecemento inicial da materia.

Grego I enmárcase na rama de Humanidades e Ciencias Sociais, de 1º Bacharelato, ofertada pola EPAPU Eduardo Pondal de A Coruña na súa modalidade semipresencial.

Grego I é unha asignatura de iniciación á aprendizaxe da lingua grega antiga, que abrangue así mesmo unha introducción á cultura e civilización helenas na Antigüidade.

Esta guía pretende, en primeiro lugar, poñer en coñecemento d@ alumn@ os diferentes materiais didácticos de que se compón a materia, tanto lingüísticos como culturais: contidos e actividades principalmente, organizados en unidades didácticas e ordenados cronolóxicamente por avaliacións.

En segundo lugar, esta guía pretende ofrecer ao alumnado unha información inicial de interese para o correcto desenvolvemento e superación da materia, como horarios das sesións presenciais e das titorías de orientación, criterios e datas de avaliación, sistema de cualificación, datos de contacto co profesor do curso, etc.

2 COMO FUNCIONA O ESTUDO SEMIPRESENCIAL?

O estudo semipresencial é unha forma de estudo mixta, xa que combina o estudo presencial (que implica a asistencia obrigatoria a clase) e o estudo a distancia (que implica o traballo a distancia, na casa por exemplo, a través do curso online da materia, que máis adiante se indica).

ESTUDO PRESENCIAL. A materia de Grego I, como todas as materias do Bacharelato semipresencial, conta, en primeiro lugar, cunha única sesión presencial semanal de asistencia obrigatoria, que tamén pode recibir o nome de

titoría lectiva. Nela o profesor abordará as explicacións de carácter teórico, relativas aos contidos da materia.

O horario e a aula nos que terá lugar a sesión presencial semanal serán os seguintes:

- se @ alumn@ pertence á quenda de mañá: luns, de 10:45 a 11:30, aula 3.2 (terceiro andar)
- se @ alumn@ pertence á quenda de tarde: mércores, de 16:00 a 16:45, aula 3.2 (terceiro andar)

ESTUDO A DISTANCIA. A partir das explicacións teóricas das sesións presenciais @ alumn@ deberá desenvolver o seu propio proceso de aprendizaxe fóra do centro escolar, a distancia, guiándose polo devandito curso online da materia. Entre outras cousas, iso significa, por exemplo, o estudo dos diferentes contidos didácticos dispoñibles nese curso, a realización (a distancia) das actividades nel propostas e a súa entrega a través del.

O tempo de estudo a distancia recomendado para a superación da materia é de 3/4 horas semanais.

TITORÍAS DE ORIENTACIÓN. Co fin de lle apoiar no seu proceso de aprendizaxe a distancia, póñense a disposición d@ alumn@ unhas titorías de orientación, de carácter presencial, co seguinte horario semanal, común para a quenda de mañá e para a quenda de tarde:

- xoves, de 18:15 a 19:00, seminario 1 (planta baixa)
- venres, de 10:45 a 12:15, seminario 1 (planta baixa)

En calquera destas horas @ alumn@ pode acudir ao centro escolar e consultar presencialmente, de xeito individual, co profesor calquera aspecto relativo á materia de Grego I. O obxectivo principal destas titorías de orientación é, en todo caso, axudar @ alumn@ a superar as posibles dificultades xurdidas no estudo a distancia e resolverlle as súas dúbidas.

A asistencia ás titorías de orientación non é, en ningún caso, obrigatoria, pero si recomendábel polo menos de cando en vez, sobre todo no caso de atopar dificultades na aprendizaxe a distancia.

CADRO RESUMO HORARIO DO ALUMNADO - GREGO I	
Sesións presenciais ou titorías lectivas	
Quenda de mañá: luns, de 10:45 a 11:30	- Aula 3.2, terceiro andar
Quenda de tarde: mércores, de 16:00 a 16:45	- Aula 3.2, terceiro andar
Titorías de orientación (comúns para a quenda de mañá e para a quenda de tarde)	
Xoves, de 18:15 a 19:00	- Seminario 1 (planta baixa)
Venres, de 10:45 a 12:15	- Seminario 1 (planta baixa)

3 RECURSOS DIDÁCTICOS

O principal recurso didáctico de que disporá @ alumn@ será o curso online GREGO I, destinado principalmente a facilitar o estudo a distancia e aloxado na aula virtual da EPAPU Eduardo Pondal no seguinte enderezo online:

<https://centros.edu.xunta.gal/epaeducardopondal/aulavirtual/>

Para acceder, cómpre que @ alumn@ entre co seu nome de usuario e contrasinal. Unha vez dentro, @ alumn@ poderá atopar facilmente o curso online GREGO I, cos diferentes materiais de estudo: unidades didácticas, contidos, actividades, temporalización, etc. Estes materiais irán aparecendo regular e progresivamente ao longo do ano académico, a medida que @ alumn@ vaia acadando obxectivos e superando etapas de estudo.

O curso online servirá tamén como canle de comunicación entre alumn@ e profesor: o profesor irá incorporando os diferentes avisos que, en relación co desenvolvemento cotián da materia, poidan ir xurdindo, como prazos de entrega das actividades, datas exactas de avaliación, cualificacións d@s alumn@s, ou calquera outra noticia de interese. @ alumn@, pola súa banda, poderá enviar calquera consulta ao profesor a través do servizo de mensaxería do curso.

Por estas razóns, resulta moi importante para @ alumn@ consultar o curso online con certa frecuencia e se manter ao día do seu progreso cotián.

Os demais recursos didácticos que se empreguen no desenvolvemento da materia será posible atopalos, en versión dixital, no curso online.

Non se empregará libro de texto.

4 DATOS DE CONTACTO

O método de contacto máis sinxelo e unha mensaxe privada, dirixida ao profesor, a través do servizo de mensaxería curso online GREGO I. Sen embargo, tamén se pode contactar co profesor mediante os datos que a seguir se citan:

DATOS DE CONTACTO
Profesor Antonio Mauriz
Correo electrónico antoniomauriz@edu.xunta.gal
EPAPU Eduardo Pondal Teléfono: 881 960 901 (en caso de solicitar contacto por teléfono, por favor solicítese preferiblemente nas horas destinadas a titorías de orientación) Enderezo: Rúa da Educación, nº 3 - A Coruña - CP: 15011

5 UNIDADES DIDÁCTICAS: CONTIDOS, ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN

Os contidos da materia de Grego I abranguen aspectos tanto lingüísticos como culturais e están organizados en 15 unidades didácticas diferentes. Estas unidades distribúense por avaliacións, pola seguinte orde cronolóxica:

Primeira Avaliación

UNIDADE DIDÁCTICA 1: Xeografía de Grecia antiga

Contidos

- Marco xeográfico I: o mar Mediterráneo
- Marco xeográfico II: as diferentes zonas de Grecia antiga
- Principais cidades: Atenas e Esparta
- A viaxe e os viaxeiros ilustres da Antigüidade grega

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Primeira avaliación: sesión presencial 1

Actividades

- Cuestionario sobre a xeografía e a viaxe na Antigüidade grega
- Elaboración dun roteiro de viaxe pola Grecia antiga

UNIDADE DIDÁCTICA 2: Historia de Grecia antiga

Contidos

- Etapas históricas de Grecia antiga: as civilizacións minoica e micénica, as épocas escura e arcaica, a Grecia clásica, a Grecia helenística
- Feitos históricos máis importantes
- Principais personaxes históricos: mulleres e homes relevantes
- Presenza de Grecia na Península Ibérica

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Primeira avaliación: sesión presencial 2

Actividades

- Cuestionario sobre a historia de Grecia antiga
- Traballo de investigación sobre a historia de Grecia antiga

UNIDADE DIDÁCTICA 3: Historia da lingua grega

Contidos

- Orixe da lingua grega: do indoeuropeo ao grego clásico
- Evolución da lingua grega: do grego clásico ao grego moderno
- Os dialectos gregos
- Sistemas de escritura ao longo da historia
- O alfabeto grego: letras e sons

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Primeira avaliación: sesión presencial 3

Actividades

- Cuestionario sobre a historia da lingua grega
- Exercicios de lectura e transcripción de textos en alfabeto grego

UNIDADE DIDÁCTICA 4: Introducción á lingua grega I

Contidos

- Concepto de lingua flexiva
- Morfoloxía nominal: conceptos de declinación e caso
- Morfoloxía nominal: o sustantivo: 1ª declinación
- Morfoloxía verbal: presente de indicativo
- Técnicas de tradución I: a análise do texto grego

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Primeira avaliación: sesións presenciais 4 e 5

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e tradución de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 5: Introducción á lingua grega II

Contidos

- Morfoloxía nominal: o artigo
- Morfoloxía nominal: o sustantivo: 2ª declinación
- Morfoloxía verbal: pretérito imperfecto de indicativo
- A preposición
- Técnicas de traducción II: a análise do texto grego
- Vocabulario grego e helenismos I

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Primeira avaliación: sesións presenciais 6 e 7

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 6: Introducción á lingua grega III

Contidos

- Morfoloxía nominal: o adxectivo (parte I)
- Morfoloxía nominal: declinación dos adxectivos da 1ª clase
- Morfoloxía verbal: futuro de indicativo
- Práctica de traducción I
- Vocabulario grego e helenismos II

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Primeira avaliación: sesión presencial 8

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 7: Introducción á lingua grega IV

Contidos

- Morfoloxía nominal: o sustantivo: 3ª declinación (parte I)
- Morfoloxía nominal: adxectivos demostrativos e posesivos
- Morfoloxía verbal: aoristo e pretérito perfecto
- Práctica de traducción II
- Vocabulario grego e helenismos III

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Primeira avaliación: sesións presenciais 9 e 10

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

Segunda Avaliación

UNIDADE DIDÁCTICA 8: A sociedade na Grecia antiga

Contidos

- Organización política de Grecia: a democracia ateniense e a monarquía espartana. Vida pública e discurso público
- Clases sociais en Atenas e Esparta: homes libres e escravos
- A familia grega. A situación da muller
- A educación e a ciencia. Festas e espectáculos: deporte e teatro

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Segunda avaliación: sesión presencial 1

Actividades

- Cuestionario sobre a sociedade grega antiga
- Traballo de investigación sobre algún tema relativo á sociedade grega antiga

UNIDADE DIDÁCTICA 9: Introducción á lingua grega V

Contidos

- Morfoloxía nominal: o sustantivo: 3ª declinación (parte II)
- Morfoloxía nominal: pronomes persoais e indefinidos
- Morfoloxía verbal: a voz medio-pasiva (parte I)
- Práctica de traducción III
- Vocabulario grego e helenismos IV

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Segunda avaliación: sesións presenciais 2 e 3

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 10: Introducción á lingua grega VI

Contidos

- Morfoloxía nominal: o sustantivo: 3ª declinación (parte III)
- Morfoloxía nominal: o adxectivo (parte II)
- Morfoloxía verbal: a voz medio-pasiva (parte II)
- Práctica de traducción IV
- Vocabulario grego e helenismos V

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Segunda avaliación: sesións presenciais 4 e 5

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 11: Introducción á lingua grega VII

Contidos

- Morfoloxía nominal: graos do adxectivo
- Morfoloxía verbal: o subxuntivo
- Sintaxe: valores dos casos
- Práctica de traducción V
- Vocabulario grego e helenismos VI

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Segunda avaliación: sesións presenciais 6 e 7

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal e verbal
- Exercicios gramaticais de sintaxe
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

Terceira Avaliación

UNIDADE DIDÁCTICA 12: Relixión e mitoloxía gregas

Contidos

- Características principais da relixión e da mitoloxía gregas
- Cosmogonía. Divindades e heroes principais
- Principais mitos gregos
- Formas de culto. Santuarios

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Terceira avaliación: sesión presencial 1

Actividades

- Cuestionario sobre relixión e mitoloxía clásica
- Traballo de investigación sobre algún mito clásico

UNIDADE DIDÁCTICA 13: Introducción á lingua grega VIII

Contidos

- Formas nominais do verbo: o participio e as súas formas
- Sintaxe: a oración simple e a oración composta
- Sintaxe: a oración de relativo
- Técnica e práctica de traducción: o emprego do dicionario I
- Vocabulario grego e helenismos VII

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Terceira avaliación: sesións presenciais 2 e 3

Actividades

- Exercicios gramaticais sobre o participio
- Exercicios gramaticais de sintaxe
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 14: Introducción á lingua grega IX

Contidos

- Formas nominais do verbo: as construcións do participio
- Formas nominais do verbo: o infinitivo e as súas formas
- Concepto de etimoloxía e práctica etimolóxica
- Principais lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega
- Técnica e práctica de traducción: o emprego do dicionario II

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Terceira avaliación: sesións presenciais 4 e 5

Actividades

- Exercicios gramaticais sobre o participio e o infinitivo
- Exercicios de etimoloxía
- Análise e traducción de oracións breves en lingua grega

UNIDADE DIDÁCTICA 15: Legado grego

Contidos

- Conceptos de legado, herencia e patrimonio.
- Presenza da mitoloxía clásica na literatura e na arte modernas.
- O legado grego na actualidade: na política, na educación, na publicidade, no deporte, etc.

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Terceira avaliación: sesión presencial 6

Actividades

- Traballo de investigación sobre a presenza da mitoloxía clásica ou do legado grego na actualidade

6 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se empregará está condicionada principalmente pola natureza semipresencial da materia. Deste xeito, as sesións presenciais, tanto lingüísticas como relativas á cultura, serán ocupadas maioritariamente polas explicacións teóricas do profesor, propias dunha metodoloxía tradicional.

A aprendizaxe lingüística basearase principalmente na explicación gramatical e na resolución de exercicios gramaticais, tendo como obxectivo principal a análise, a comprensión e, sobre todo, a traducción de oracións ou textos breves en lingua grega antiga.

Na medida do posible, tentarase tamén a aplicación dunha metodoloxía activa, promovendo o emprego do grego como unha lingua viva, co obxectivo de que @ alumn@ sexa quen de redactar textos sinxelos en grego ou mesmo de conversar en grego con oracións moi breves.

A aprendizaxe dos contidos culturais basearase na elaboración de traballos de investigación ou de carácter creativo, guiados polo profesor, e na resposta a cuestionarios.

7 AVALIACIÓN

7.1 Criterios de avaliación

CA1.1 Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais.

CA1.2 Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas.

CA1.3 Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións.

CA1.4 Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.

CA1.5 Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas.

CA1.6 Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos.

CA1.7 Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns.

CA1.8 Redactar en grego textos básicos de estrutura clara.

CA1.9 Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega.

CA2.1 Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común.

CA2.3 Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.

CA2.4 Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.

CA3.1 Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.

CA3.2 Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade.

CA3.3 Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega.

CA4.3 Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico.

CA4.4 Identificar e explicar o legado da civilización grega, analizando producións culturais e artísticas posteriores.

CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá.

7.2 Modalidades e datas de avaliación. Cualificacións

Existen dúas modalidades de avaliación: a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

AVALIACIÓN ORDINARIA

A avaliación ordinaria é unha avaliación continua que consiste na avaliación do traballo d@ alumn@ ao longo de todo curso, en tres avaliacións parciais (1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación).

Este traballo será avaliado, en cada unha das devanditas avaliación parciais, polo profesor mediante dous instrumentos distintos:

- un **exame**. Con carácter xeral realizarase un exame por avaliación, ao que lle corresponderá unha porcentaxe do **70%** da nota global da avaliación (**7 puntos**). O exame será, en todo caso, presencial.
- a **valoración das actividades** propostas nas unidades didácticas, ás que lle corresponderá, pola súa banda, unha porcentaxe do **30%** da nota global da avaliación (**3 puntos**).

Á súa vez, tanto o exame como as actividades compoñeranse de dous tipos de exercicios:

- **exercicios de carácter lingüístico**: exercicios gramaticais, análise e tradución de textos gregos, etc. O compoñente lingüístico (e por riba de todo a tradución) terá unha maior importancia na totalidade da materia. Os exercicios deste tipo contarán, de feito, **6 puntos** do total.
- **exercicios de carácter cultural**: cuestionarios e traballos de investigación sobre xeografía, historia, sociedade, relixión, mitoloxía e legado de Grecia antiga. Os exercicios deste tipo contarán **4 puntos** do total.

As datas de exame de cada unha das tres avaliacións parciais son as seguintes:

- 1ª Avaliación: entre o 9 de decembro e o 15 de decembro
- 2ª Avaliación: entre o 9 de marzo e o 13 de marzo
- 3ª Avaliación: entre o 18 de maio e o 22 de maio

A nota final da materia calcularase segundo as seguintes porcentaxes establecidas para cada avaliación:

- a 1.ª avaliación achega o 30 % da nota final
- a 2.ª avaliación achega o 30 % da nota final
- a 3.ª avaliación achega o 40 % da nota final

Para superar a materia, haberá que cumprir, en todo caso, dúas condicións:

1. A nota final deberá ser 5 ou superior a 5.
2. Como a avaliación é continua, a 3ª avaliación deberá ser aprobada, como mínimo, cunha nota de 5. Non será posible aprobar a materia, coa 3ª avaliación suspensa, é dicir, cunha nota inferior a 5.

Quérese salientar a importancia da asistencia a clase, que é de carácter obrigatorio. O límite de faltas de asistencia é o seguinte:

- 20% de faltas de asistencia sen xustificar
- ou ben 30% de faltas de asistencia sen xustificar e xustificadas, conxuntamente

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non superar a avaliación ordinaria, @alumn@ ten a posibilidade de se presentar á avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dun exame global, que alcanzará o 100% da nota. En caso de aprobar cunha nota mínima de 5, @alumn@ superará a materia.

Este exame será de carácter global, é dicir, abranguerá a materia na súa totalidade.

O exame compoñeráse de dous tipos de exercicios:

- **exercicios de carácter lingüístico:** exercicios gramaticais, análise e tradución de textos gregos, etc. O compoñente lingüístico (e por riba de todo a tradución) terá unha maior importancia na totalidade da materia. Os exercicios deste tipo contarán, de feito, **6 puntos** do total.
- **exercicios de carácter cultural:** cuestionarios e traballos de investigación sobre xeografía, historia, sociedade, relixión, mitoloxía e legado de Grecia antiga. Os exercicios deste tipo contarán **4 puntos** do total.

O exame da avaliación extraordinaria terá lugar entre o 1 xuño e o 8 de xuño.

En A Coruña, a 12 de setembro de 2025



Moito ánimo coa materia!!